

01

## Consumo responsable. Lenzo en branco.

COMO NOS GUSTA PINTAR! Con pinceis, pero tamén (e moito) coas mans. Iremos facer unha manualidade moi fácil para pintar e pintar sen parar.

### Necesitamos:

1. Unha lámina de cartón. Podes sacala das caixas de leite, adoitan traer como reforzo.
2. Dous rolos de cartón grande (cando se termina o papel de cociña).
3. Funda transparente polipropileno (seguro que teñen os teus pais como parte de material de oficina).
4. Pegamento e tesoiras.
5. Pintura de dedos.



Pega os dous rolos de cartón sobre a lámina, de modo tal que a lámina sexa “o soporte”. Tes que pegalos separados, a unha distancia similar á da funda transparente. Cando se sequen, cunha tesoiras fai un corte polo interior dos rolos a modo de ranura para encaixar a funda. Metes a funda e pégalas.





Listo! Xa tes un lenzo para pintar. Cun paño con auga podes retirar a pintura. Así podemos usalo máis veces.

02

**Alimentación saudable.**

**Quebracabezas silábicos.**

Estamos a empezar a coñecer como se escriben as palabras, practicamos un pouco? Deixámosvos aquí as **pezas dun quebracabezas silábico**, para construír as palabras de cada un destes alimentos.




03

**Vida activa.****Unha partida aos birlos.**

Propoñémosche botar unha partida aos birlos. Que non tes! Non te preocupes, soamente necesitas gardar 8 rolos de papel hixiénico. Se che apetece, píntaos con témperas e decóraos con washi-tape, adhesivos, rotus...

**Normas do xogo:**

1. Colócanse os birlos en forma triangular: 1 birlo na primeira fila, 3 birlos na segunda fila e 5 birlos na terceira fila.
2. Cada partida conta con 10 quendas por persoa.
3. Dispoñeráse de dúas tiradas por xogador, en cada quenda.
4. Por cada birlo tirado sumarase un punto.
5. Se se tiran todos os birlos nos dous intentos conséguese pleno, sete puntos!.
6. Gañará o xogador que acumule máis puntos ao termo do xogo.



Pódense facer en parellas, aumentar o número de quendas (con máis birlos), retirar os birlos tirados antes do segundo lanzamento...

04

## Desperdicio alimentario. Un reto de letras.



A lectoescritura tamén pode ser divertida. Se lle engadimos un reto para practicar a psicomotricidade, risas aseguradas!

### Necesitamos:

- Unha folla de papel (podes aproveitar unha xa usada por unha cara).
- Un rotulador negro.
- Lentellas, garavanzos, grans de arroz, o que queiras! Canto máis pequeno, máis difícil.
- Pídelle á túa nai/pai que escriba co rotulador negro sobre o papel a palabra DESPERDICIO ALIMENTARIO. Debe deixar unha certa separación entre letra e letra.
- Colle un prato fondo e bota as lentellas. Logo, moi despaciño, vai colocando unha a unha as lentellas sobre as letras ata ter toda a palabra construída.

Divertido? A que si 😊! Recorda despois volver gardar as lentellas para comer, jejejeje.